

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPTE Nº:
2022/G007/000014.**

Excma. Sra. D.^a Lara Méndez López, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar no salón de sesión da Casa do Concello, sita na Praza Maior, 1, o vindeiro **xoves, día 22 de decembro de 2022, ás 12:00 HORAS** para levar a efecto o **“DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO”**, previsto no Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo (ROMP) no seu artigo 114, cuxo cumprimento xustifica, así mesmo, o carácter extraordinario da convocatoria. Notifíquelles aos señores concelleiros, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía con antelación suficiente.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta, dona Lara Méndez López.